



MÁIS DUN MILLAR DE PROFESIONAIS DA ÁREA SANITARIA DE VIGO VACINARANSE HOXE DA 2ª DOSE FRONTE AO COVID

- *Hoxe están citados 670 traballadores do hospital e 510 de Atención primaria*
- *A Xunta vacinará nos próximos días a preto de 4000 profesionais, sanitarios e non sanitarios, de atención primaria e hospitalaria*
- *Un total de 13 equipos de enfermaría inmunizarán aos seus compañeiros; seis deles achegaranse aos centros de saúde mentres que os outros sete equipos administrarán a vacina no hospital Álvaro Cunqueiro*

Vigo, 3 de febreiro 2021. A Xunta de Galicia iniciou hoxe a 2ª dose da vacinación fronte ao Covid 19 ao persoal que traballa en primeira liña no ámbito sanitario; isto é, o que ten un maior risco de exposición por levar a cabo actividades de atención directa de pacientes Covid así como por presentar maior probabilidade de ter contacto cunha persoa con infección polo virus. Nesta primeira fase, ata o próximo venres, vanse vacinar a aqueles traballadores que xa tiñan administrada a primeira dose, preto de 4.000 traballadores da Área Sanitaria de Vigo.

Hoxe xa están citados 1.180 traballadores de todas as categorías profesionais, sanitarios e non sanitarios, dos que 670 traballan no ámbito hospitalario e 510 en Atención primaria. En concreto, estase vacinando aos servizos de Atención Primaria de Pontearreas (que inclúe ao persoal dos centros de saúde de Pontearreas, Mondariz, As Neves, e Salvaterra); A Cañiza (Cañiza, Crecente e Arbo); centro de saúde de Coia; R/Cuba (Cuba e Taboada Leal); Nicolás Peña (Nicolás Peña e Pintor Colmeiro), Rosalía de Castro-Beiramar; e Sárdoma (Sárdoma, Bembrive e Matamá).



No ámbito hospitalario o persoal dos servizos de primeira liña que se está vacinando é o que traballa nas Unidades de Críticos como UCI e Reanimación; Urxencias; Hospitalización a Domicilio; Hospital de Día; Oncoloxía, Hematoloxía, así como persoal de distintos gabinetes de técnicas e Unidades de Hospitalización.

Para isto a dirección de Área Sanitaria conformou 13 equipos de enfermaría, compostos por dous profesionais cada un deles, destinados á vacinación. Seis deses equipos achegaranse aos servizos de Atención Primaria e outros sete están emprazados no hospital Álvaro Cunqueiro.

